

MANIFESTO

NINGUÉN SEN FOGAR 2025

Para. Achégate. Actúa.

Sen fogar, pero con soños

HOXE ALZAMOS A VOZ POR QUENES MOITAS VECES NON SON ESCOITADOS.

Por quen vive sen fogar, pero non sen soños.
Soños de vida.
Soños de dereitos.
Soños de dignidade, de comunidade e de esperanza.

Cada día, milleiros de persoas no noso país ven como a súa vida se tambalea:

- Persoas que traballan, pero non poden acceder a unha vivenda.
- Persoas migrantes atrapadas na invisibilidade.
- Mulleres vítimas de violencia que non atopan unha saída segura.
- Persoas con discapacidade ás que se lles pechan as portas do emprego.
- Homes e mulleres que afrontan problemas de saúde mental ou adiccións.
- Mozas e mozos que, ao cumprir os 18 anos, fican sen apoio nin futuro.
- Persoas maiores que viven na soidade, sen rede familiar nin recursos abondo.
- Persoas LGTBIAQ+ que son expulsadas dos seus fogares ou discriminadas.
- Nais soas que loitan por manter aos seus fillos e fillas ao seu carón.

Todas estas persoas teñen nome, teñen historia, teñen soños.

E, porén, demasiadas veces o sistema non responde.
Demasiadas veces os prexuizados condénanas ao silencio e á indiferencia.

Os soños que compartimos

Elas e eles soñan...
Soñan cun fogar seguro.
Soñan con oportunidades.
Soñan con ser recoñecidos, respectados e comprendidos.
Soñan con que a pobreza non lles roube os seus dereitos.
Con que a violencia non sexa a súa condena.
Con que a saúde mental ou a discapacidade non sexan unha barreira.
Soñan con que o medo dea paso á esperanza.

E nese soñar... recoñecemos todas e todos.
Porque quen ten fogar, tamén soña.
Soña con estabilidade, con seguridade, con futuro para os seus.
Soña con dignidade.

Os soños igualánnos. O fogar, ou a súa ausencia, sepáranos.

Por iso hoxe, no **Día das Persoas Sen Fogar**, alzamos a voz.

Reivindicamos o dereito de toda persoa a un nivel de vida digno.
Un dereito que garanta o acceso á saúde.
A unha vivenda adecuada.

A unha alimentación suficiente.
Ao vestido, á asistencia médica, á protección social.
Un dereito que non pode seguir sendo inalcanzable.

Porque **sen fogar non significa sen vida.**

Nin sen dereitos.
Nin sen emocións.
Nin sen soños.

Hoxe convidámoste a ti, a todas e todos, a dar tres pasos:

Para: Détente. Mira de preto. Escoita as historias que se agochan tras os prexuizados e a indiferencia.

Achégate: Rompe barreiras. Descubre nas persoas sen fogar a dignidade que ás veces a sociedade non quere ver.

Actúa: Porque o senfogarismo non é un problema individual, senón colectivo. E só coa comunidade poderemos cambialo.

Soñemos en plural

Temos un soño compartido.
Un soño que non é utopía, senón xustiza.
Soñamos cun futuro no que ninguén quede excluído.
No que o emprego e a formación permitan saír adiante.
No que a atención social e sanitaria chegue a todas as persoas.
No que o respecto e a dignidade sexan unha certeza, e non un privilexio.

Soñamos con vínculos.
Con comunidade.
Con esperanza.

Porque toda persoa merece vivir con dignidade.

Hoxe, aquí, dicimos alto e claro:

Sen fogar, pero con soños.
Sen fogar, pero con dereitos.
Sen fogar, pero con esperanza.

Soñemos xuntas e xuntos.

Actuemos xuntas e xuntos.

Construamos comunidade.

Construamos dignidade.

Construamos futuro.